



ANEXO

**MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA  
PRESENCIAL ANTE O PECHE DA ACTIVIDADE PRESENCIAL NA  
ETAPA DE E. INFANTIL 9/11/2020**

Durante o período de peche, o Director do centro tomará as decisións necesarias para realizar tarefas de desinfección nas aulas afectadas e espazos utilizados polos alumnos e alumnas de E.Infantil

O Equipo Docente, xunto co Equipo COVID revisará o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

Finalizado o período de peche presencial realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son modificadas, en relación co Plan de Adaptación inicial, atendendo ás circunstancias especiais: O alumnado foi chamado para realizar as probas de xeito moi escalonado polo que as altas ou autorización de fin de corentena tamén serán escalonadas e a ratio de alumnado por aula neste centro tamén é baixo

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

<b>1. Fase 1</b> <i>(Na semana do 9 ao 13 de novembro)</i>	<b>2. Fase 2</b> <i>(Na semana do 16 ao 21 de novembro)</i>	<b>3. Fase 3</b> <i>(Na semana do 23 ao 27 de novembro)</i>
Limpeza e desinfección dos espazos	Mércores, xoves e venres, incorporación, en grupos de 5 cada día, dos alumnos e alumnas que esteñan autorizados a deixar a corentena polos servizos sanitarios.  Recordatorio ao grupo das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.	Incorporación o luns do resto do alumnado ao finalizar 14 días en corentena  Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.